



PROXECTO BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO CURSO 2017/2018

PRIMEIRA: Constitúe o obxecto das presentes bases o regulamento do procedemento para a concesión de axudas ao estudo para o curso **2017/2018**, coa finalidade de compensar ás familias deste municipio para afrontaren os gastos derivados da realización de estudos dos seus fillos e fillas, entendendo por tales: libros, material escolar e para actividades, roupa, calzado, gastos de transporte e similares.

SEGUNDA: O crédito que se destina a este programa, que se financiará con cargo á partida 2017.0.326.00.48200, é de 7.000,00€.

TERCEIRA: Poderán solicitar estas axudas todos os estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Monfero e ser fillo/a de pais que tamén o estean (alomenos un deles).
- Ter menos de 24 anos de idade e non exercer ocupación ou traballo remunerado.
- Cursar estudos de Educación Infantil, Primaria, Educación Especial, ESO, Bacharelato, Formación Profesional, ciclos formativos ou estudos universitarios.
- Pertencer a unha unidade familiar (pais e fillos que non exerzan traballo remunerado) cuxos rendementos de traballo, actividades e capital, nos termos do modelo de declaración do IRPF correspondente ao ano 2016 (suma das casifias 392 "Base liquidable xeral" e 405 "Base liquidable do aforro"), non superen a cantidade de 18.000,00 €, mais 900,00 € por cada membro que a integre, ou ben que non tiveran formulado tal declaración por non acadar os seus ingresos o mínimo esixido para presentala con carácter obrigatorio.

CUARTA: As solicitudes presentaranse, no rexistro de entrada do concello, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, através da Base de Dtos Nacional de Subvencións (BDNS), no modelo oficial que se xunta como anexo e que se facilitará nas oficinas municipais. Tamén poderán presentarse mediante as formas previstas no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Concello de Monfero, deberán as persoas interesadas remitir por fax unha copia da instancia ao número 981 793804 ou ben ao enderezo electrónico correo@monfero.es nas 24 horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación (orixinais ou fotocopias compulsadas):

- Fotocopia do DNI do/a solicitante (menor ou maior de idade) e do pai, nai ou titor cando aquel sexa menor de idade.
- Fotocopia do resgardo da matrícula do curso 2017/2018.
- Fotocopia da declaración da renda do ano 2016 de todos os membros computables da unidade familiar. No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentárase certificado de estar exento de facela, no que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe e Axencia Tributaria (AEAT) e declaración xurada dos ingresos obtidos pola unidade familiar no ano 2016, achegando fotocopia compulsada de todos e cada un dos documentos acreditativos correspondentes.
- Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terán que presentarse os documentos que acrediten os membros da unidade familiar.
- Documento acreditativo das cualificacións académicas obtidas no curso 2016/2017.
- Certificación do número de conta bancaria ou fotocopia da libreta bancaria do solicitante ; ou representante, á que se lle transferirá a cantidade que se conceda. O número de conta bancaria debe conter o código IBAN.
- Certificado de minusvalía, se fora o caso.
- Certificado INEM que acredite a situación de desemprego durante máis de 6 meses durante o ano 2017.
- Declaración de outras axudas para a adquisición de libros de texto.

De se presentaren varias solicitudes por unha mesma familia, a documentación común se acompañará soamente á solicitude do fillo/a maior, facéndoo constar nas demais.

De conformidade co art.53 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se os documentos solicitados nos apartados anteriores estiveran en poder deste Concello, o solicitante non terá que achegalos de novo, debendo indicalo na súa solicitude.

No caso de solicitudes defectuosas, concederáse un prazo de 10 días para emendar deficiencias, arquivándose sen máis trámites cando non se emenden os erros ou omisións.

QUINTA: As axudas serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta non vinculante da traballadora social, en función dos criterios que se especifican no baremo que aparece a continuación, distribuíndose o crédito en



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

proporción á puntuación obtida por cada solicitante, cun máximo de 200,00€ por cada estudante de primaria e secundaria, e con 300,00€ para os demais.

- **Capacidade económica da familia nuclear en renda per cápita, ata 10 puntos:**

Para determinar a capacidade económica calcularase a renda per cápita da familia (pais e fillos que non exerzan traballo remunerado), en función dos rendementos de traballo, actividades e capital, nos termos que figuran na declaración do IRPF do ano 2016 e que se valorará coa suma das casañas 392 e 405 desta.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grave invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Concederanse 10 puntos ás familias que non pasen de 1000,00€ en renda per cápita anual e un punto menos por cada 700,00€ máis de renda.

MEMBROS COMPUTABLES

1.- Considerarase membro computable da unidade familiar os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns ou irmás con discapacidade física, psíquica ou sensorial que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns ou irmás menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente. No caso de que non exista convivencia deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente certificado de convivencia ou volante de empadramento colectivo ou outros documentos que acrediten suficientemente tal extremo.

3.- No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor/a co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

4.- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde figura esta circunstancia.

5.- A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

6.- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.

7.- En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 4.1. destas bases, deberá achegarse certificado ou volante de convivencia colectivo en que figure o alumno/a polo cal se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el, así como certificado dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.

8.- Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

9.- Nos casos de violencia de xénero, no ámbito familiar quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

- **Número de membros, ata 5 puntos:**

Outorgarase da seguinte forma:

- 2 puntos: familias de 2 ou 3 membros
- 3 puntos: familias de 4 membros
- 4 puntos: familias de 5 membros
- 5 puntos: familias de 6 ou máis membros

- **Distancia ata o centro de estudos (excepto nos casos de transporte escolar gratuíto e primaria), ata 10 puntos:**

Puntuarase cun máximo de 10 puntos a todos os estudantes que carecen de transporte escolar gratuíto, e con 0 puntos a aqueles que estudan ensinanzas obrigatorias.

- **Número de fillos/as estudando, ata 3 puntos:**



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A puntuación asignarase da seguinte forma: 1 punto por fillo, 2 puntos para familias con 2 fillos (ambos cursando estudos), e coa máxima de 3 puntos ás familias que teñan 3 ou máis fillos estudando.

- **Cualificación académica, ata 3 puntos:**

O baremo da cualificación académica será o seguinte:

- 3 puntos: Alumnos con notas de sobresaínte ou notable.
- 2 puntos: Alumnos con notas de ben, P.A. e acada os obxectivos. Igualmente aqueles que se incorporaran este curso ao centro escolar público.
- 1 puntos: Alumnos con notas de suficiente.
- 0 puntos: Resto de alumnos e aqueles que non presentaran xustificantes.

- **Circunstancias especiais, ata 2 puntos:**

Se algún membro da unidade familiar (pais e fillos) ten unha minusvalía igual ou superior ao 33% puntuarase con 2 puntos adicionais, igualmente nos casos daquelas familias en situación ou risco de exclusión social.

- **Situación laboral, ata 2 puntos:**

Cando o pai/nai ou titor/a acredite a situación de desemprego durante máis de 6 meses no ano 2017, incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

O acordo de concesión se publicará no taboleiro de anuncios municipal a efectos de notificación das axudas concedidas a todos os beneficiarios e demais interesados, e de presentación de reclamacións, no seu caso, polos que o consideren conveniente durante o prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte á devandita publicación. Estas haberán de ser resoltas pola propia Xunta de Goberno Local.

A partir desta publicación comezará a contar o prazo de presentación no Rexistro de Entrada do Concello dos xustificantes (facturas, preferentemente, ou tickets), das axudas concedidas, que rematará no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a aquel no que se publique o acordo de concesión na forma que se indica no parágrafo anterior. Esta data poderíase prorrogar un máximo de tres meses, por acordo da Xunta de Goberno Local, nos casos en que se solicite e conste xustificación no expediente.

Aqueles solicitantes que declararon ter percibido outras axudas para a adquisición de libros de texto, non poderán presentar facturas dos mesmos para a xustificación das axudas ao estudo municipais.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

As xustificacións serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe da traballadora social.

Os que non presenten a xustificación ou desistan de forma motivada e por escrito, dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desisten da súa solicitude, que quedará, así mesmo, anulada.

SEXTA: As presentes bases publicaranse integramente no taboleiro de anuncios do Concello xunto co anuncio de convocatoria, inmediatamente despois de seren aprobadas polo Pleno, a efectos de apertura da mesma coas salvedades da base cuarta e para que todos os interesados poidan examinalas e, no seu caso, presentar as súas reclamacións no prazo máximo de oito días hábiles. Así mesmo publicarase no B.O.P. un anuncio de exposición pública das bases, a partir do cal se iniciará o cómputo do prazo para a presentación de reclamacións.

SÉPTIMA: O incumprimento do disposto nas presentes bases, a falsidade ou ocultación de datos, ou non cursar os estudos para os que se lle concedeu a axuda, determinará a revogación e reintegro da subvención, sen prexuízo de que polo Concello se exerciten as accións oportunas contra os responsables.

OITAVA.- De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais (en diante LOPD), infórmase o usuario, dos seguintes puntos:

- O Concello de Monfero é a efectos da LOPD, Responsable do Ficheiro, no que se incluírán os datos persoais que vostede nos facilite. A dirección do Responsable do Ficheiro é Rebordelo núm. 1, 15619 - Monfero
- Os datos facilitados ao Concello de Monfero formarán parte dun ficheiro automatizado responsabilidade do mesmo. O ficheiro atópase debidamente inscrito no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Axencia a Española de Protección de Datos e todo o proceso de tratamento, almacenamento e mantemento atópase sometido aos controis e normas establecidos no Regulamento de Medidas de Seguridade.
- A finalidade para a que se solicitan os datos será a de cada caso concreto, pero sempre terá como obxecto xestionar o servizo prestado polo Concello aos usuarios, dentro do marco da relación que os une, enviarlle información e publicidade.
- De todos os datos solicitados, indicárase polo persoal do Concello, cales deles son de carácter obrigatorio e cales de carácter facultativo, atendendo ao servizo solicitado. Os datos considerados polo persoal do Concello como de carácter obrigatorio serán os estritamente necesarios para levar a bo fin a relación existente entre o Concello e o usuario, polo que en caso de non ser fornecidos non podería desenvolver dita relación. Os datos persoais que se soliciten atenderán en todo momento ao principio de calidade



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

dos datos establecido no artigo 4 da LOPD, é dicir serán adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e a finalidade para a que se obteñen.


- O usuario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos que establece a LOPD, dirixíndose a Rebordelo núm. 1, 15619 - Monfero (A Coruña).

O incumprimento das ditas medidas de seguridade constitúe para o responsable do ficheiro unha infracción grave sancionable con multa de até 300.506,05€, polo que cando devandito incumprimento asóciase a un individuo concreto será sancionado a nivel interno disciplinariamente segundo se acorde polo Responsable de Seguridade.

Monfero, 15 de decembro de 2017

O alcalde,


Andrés Feal Varela





CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

SOLICITUDE DE CONCESIÓN AXUDAS AO ESTUDO 2017 – 2018

D/D^a.....con DNI.....e
domicilio en, parroquia de
.....teléfono....., en nome propio ou en
representación de.....con
DNI.....

EXPÓN: Que tivo coñecemento da convocatoria de Axudas ao Estudo do Concello de Monfero para o curso 2017-2018 e que reúne os requisitos esixidos na mesma polo que,

SOLICITA: A concesión dos beneficios que se establecen na citada convocatoria, facendo constar.

- Que ten menos de 24 anos e non exerce ocupación nin traballo remunerado.
- Que está empadroadado/a, coma os seus pais (alomenos un deles), no Concello de Monfero, e que ten residencia efectiva neste concello
- Que a súa familia está composta por membros (pais e fillos que non exerzan traballo remunerado)
- Que cursa estudos deen
- Que non usa transporte escolar gratuíto(Marcar o que proceda)
- A distancia dende o seu domicilio ata o centro de estudos é dekm (Especificar só no caso de que non se use transporte escolar gratuíto)
- Que na súa unidade familiar atópanse estudando fillos.
- Que declara que os datos facilitados son certos e sométese ás actuacións de comprobación e verificación de datos que considere oportunas o Concello.
- Que achega a documentación acreditativa do exposto e a restante esixida nas bases da convocatoria.
- Que non percibiu outras axudas para a adquisición de libros de texto.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, mediante a sinatura desta solicitude, consinto expresamente que os datos persoais que constan nela sexan incluídos nun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Monfero, e poidan ser tratados no uso das funcións propias que ten atribuídas e utilizados coa finalidade das xestións que sexan precisas e demais tramitacións destes, e declaro estar informado dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, que poderei exercer no domicilio do Concello de Monfero, no seguinte enderezo: Rebordelo s/n, 15618 Monfero, A Coruña.


Monfero,dede 20

O/A solicitante

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO

Monfero, 15 de decembro de 2017

O alcalde,



ANDRÉS FEAL VARELA